


RECOLLIDA DE LIXO MARIÑO. VILABOA 2022

Confraría de
Pescadores de Vilaboa
Pedra da Oliveira
MAR LIMPO,
MAR VIVO

BÓTALLE MAN AO LIXO



**A Confraría de Pescadores
Pedra da Oliveira de Vilaboa
e a agrupación de marisqueo
a pé, conscientes da
problemática dos residuos
no mar, inician accións de
limpeza de lixo mariño**

BÓTALLE MAN AO LIXO

Proxecto colectivo para a
protección e recuperación da
biodiversidade e dos ecosistemas
mariños no marco de actividades
pesqueiras sustentables mediante
a recollida de residuos mariños



Ao ano vértense máis de 8 millóns de toneladas de lixo ao océano.

Do total do lixo mariño que chega aos océanos, arredor dun 80% son plásticos.




Fig.1 Composición do lixo nas praias españolas




Fig.2 Orixe do lixo nas praias españolas

Período 2013-2022

Fonte: Presentación "Beach Litter Monitoring" (Ministerio para la Transición Ecológica y el reto demográfico) presentada en MARLICE 2022. II International Forum on Marine Litter and Circular Economy.



O 63% do lixo mariño ten unha procedencia terrestre: abandono de residuos, ocio (concertos, festas, deportes, baño), depuración augas residuais, tempestades/inundacións, actividades agrícolas, aportes fluviais, augas pluviais.



O 37% do lixo mariño ten procedencia marítima: actividades recreativas, acuicultura, cruceiros, pesca profesional e deportiva, transporte marítimo de mercancías, portos (pesqueiros, comerciais, deportivos).

Os plásticos no mar degrádanse fragmentándose nos microplásticos.

Cal é o impacto dos microplásticos? As especies mariñas inxírenos, hai transferencia ao longo da cadea alimentaria, prodúcese bioacumulación, hai liberación de contaminantes químicos ao medio mariño e degradación de hábitats mariños.



Sabes canto tarda en desaparecer o lixo no mar?



BOLSA DE PLÁSTICO
10-20 Anos



MAZÁ
2 Meses



TETRA-BRICK
3 Meses



PAUS DAS BATEAS
100 anos



CAIXA CARTÓN
2 Meses



CONTRA-CHAPADO
1-3 Anos



CUEIRO DESBOTABLE
450 Anos



CABICHAS
1-5 Anos



CALCETÍNS DE LÁ
1-5 Anos



BOIA DE ESCUMA
50 Anos



XORNAL
6 Semanas



BOTELLA DE PLÁSTICO
450 Anos



ARGOLAS FOTODEGRADABLES
6 Meses



TOALLIÑAS
2-4 Semanas



LATA DE ALUMINIO
200 Anos



VASO DE POLIESTIRENO
50 Anos



FÍO DE PESCAR
600 Anos



LATA
50 Anos



ARGOLAS DE PLÁSTICO PARA REFRESCOS
400 Anos



BOTELLA CRISTAL
Indeterminado



CAMISA ALGODÓN
2-5 Meses

Cales son as medidas para evitar/diminuír o lixo no mar?

Limpar é a única solución?


- Prevención de fontes marítimas e terrestres,
- Retirada de lixo mariño,
- Sensibilización e Concienciación da cidadanía.

As 3R's



- Eliminación de produtos de plástico desbotables (actualmente, o 50% do plástico só se usa unha vez).
- Redución da produción e do consumo de produtos de plástico.
- Aumento da Reutilización e da Reciclaxe.

As 7R's:



Dos 8 millóns de toneladas de plásticos que entran ao mar cada ano, unha gran cantidade son de artes de pesca

20% das artes de pesca da UE pérdense ou desbótanse no mar por roturas de aparellos, abandono voluntario ou accidentes.


En todo o mundo iso son 64.000 toneladas cada ano.

Só o 1,5% dos equipos de pesca desgastados son reciclados.



Que pode facer o sector pesqueiro?

- Adoptar unhas boas prácticas de manexo das artes de pesca, ferramentas, utensilios de traballo e equipos que emprega para que non acaben perdidos ou abandonados no mar.
- Responsabilizarse no manexo de residuos en terra e no mar: portos, lonxas, embarcacións, marisqueo a pé.
- Empregar e demandar **materiais** máis sostibles.



BÓTALLE MAN AO LIXO

